PARLAMENTO DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

Número 278 | VII lexislatura | 1 de febreiro de 2007

Fascículo 1

SUMARIO

(Versión electrónica en **www.parlamentodegalicia.es**)

1. Procedementos de natureza normativa

1.2. Proxectos e proposicións de lei

1.2.1. Proxectos de lei

Admisión a trámite, asignación a Comisión e apertura do prazo para a presentación de emendas

07/PL-0024(16101)
Presidencia da Xunta de Galicia
Proxecto de lei de emerxencias de Galicia 42252

1.2.2. Proposicións de lei

Admisión a trámite

07/PPL-0004 (16357)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Proposición de lei galega de xuventude 42253

7. Composición do Parlamento, réxime e goberno interior, organización e funcionamento

7.3. Organización e funcionamento do Parlamento

7.3.3. Convocatorias

—Sesión plenaria (día 7 de febreiro de 2007, ás 11.00 horas) 42252

1. Procedementos de natureza normativa

1.2. Proxectos e proposicións de lei

1.2.1. Proxectos de lei

Admisión a trámite, asignación a Comisión e apertura do prazo para a presentación de emendas

A Mesa do Parlamento, na reunión do día 29 de xaneiro de 2007, adoptou os seguintes acordos:

Admisión a trámite:

- 07/PL-0024(16101)
Presidencia da Xunta de Galicia
Proxecto de lei de emerxencias de Galicia

Examinado o devandito Proxecto, verificado que reúne a documentación e antecedentes previstos no artigo 111 do Regulamento

A Mesa, por unanimidade, acorda:

1.º) Admitir a trámite o devandito proxecto de lei polo procedemento de urxencia.

2.º) Oír á Xunta de Portavoces para a súa asignación a comisión e ordenar a súa publicación no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*.

3.º) Abrir o prazo regulamentario de 8 días hábiles para presentación de emendas que comezará a contar a partir do día seguinte ao da publicación no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*. O prazo remata o día 10 de febreiro ás 13.00 horas.

Asignación a comisión:

- 07/PL-0024(16101)
Presidencia da Xunta de Galicia
Proxecto de lei de emerxencias de Galicia

Logo de oída a Xunta de Portavoces, asígnase á Comisión 1.ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior.

O que se publica para xeral coñecemento.

Santiago de Compostela, 31 de xaneiro de 2007

Dolores Villarino Santiago
Presidenta

1.2.2. Proposicións de lei

Admisión a trámite

A Mesa do Parlamento, na reunión do día 29 de xaneiro de 2007, adoptou os seguintes acordos:

Admisión a trámite:

- 07/PPL-0004 (16357)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Proposición de lei galega de xuventude

A Mesa toma coñecemento da referida iniciativa, e dado que vén presentada nos termos previstos no artigo 122 do Regulamento da Cámara, acorda:

Admitir a trámite a devandita proposición de lei e dispoñer o seu traslado á Xunta de Galicia para que emita o informe previsto no artigo 7 da Lei 7/2004, de 16 de xullo, de Igualdade de Mulleres e Homes e para que manifeste o seu criterio e a súa conformidade respecto da súa tramitación nos termos previstos no artigo 123.2 do Regulamento.

O que se publica para xeral coñecemento.

Santiago de Compostela, 31 de xaneiro de 2007

Dolores Villarino Santiago
Presidenta

7. Composición do Parlamento, réxime e goberno interior, organización e funcionamento

7.3. Organización e funcionamento do Parlamento

7.3.3. Convocatorias

Sesión plenaria (día 7 de febreiro de 2007, ás 11.00 horas)

A Presidencia, de conformidade co disposto no artigo 53 do Regulamento do Parlamento, resolveu convocar o Pleno da

Cámara para realizar sesión o próximo día 7 de febreiro de 2007, ás 11.00 horas, no pazo do Parlamento.

De acordo coa Xunta de Portavoces e a Mesa, na reunión do día 29 de xaneiro de 2007, a orde do día da sesión é a seguinte:

Punto único.- Comparecencias en Pleno

07/CPP-0193 (16296)
Presidencia da Xunta de Galicia
Pérez Touriño, Emilio
Comparecencia do Sr. presidente da Xunta de Galicia a petición propia, para informar á Cámara sobre o contido e as consecuencias dos acordos acadados polos dirixentes dos grupos políticos galegos o día 17 de xaneiro de 2007 en relación co proceso de reforma do vixente Estatuto de autonomía de Galicia
Publicación da iniciativa, BOPG núm. 275, do 23.01.2007

Acumúlase á anterior a seguinte:

07/CPP-0192 (16292)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Do Sr. presidente da Xunta de Galicia, para debater sobre a situación actual do proceso de reforma do vixente Estatuto de autonomía de Galicia
Publicación da iniciativa, BOPG núm. 275, do 23.01.2007

O que se publica para xeral coñecemento.

Santiago de Compostela, 29 de xaneiro de 2007
Dolores Villarino Santiago
Presidenta

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Parlamentarias

Pazo de Raxoi
15705 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Teléfono 981 54 49 19

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS PARLAMENTARIAS
10 XAN. 2007
SAÍDA
Núm. 4528

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Núm.: 16101

Para a súa tramitación polo Parlamento de Galicia, polo procedemento de urxencia ao que se refire o artigo 98.1 do Regulamento da Cámara, achégolle o "**Proxecto de lei de emerxencias de Galicia**", aprobado polo Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do día 28 de decembro de 2006.

Asemade achégase a certificación expedida polo secretario do Consello co Visto e Prace do Excmo. Sr. Presidente da Xunta de Galicia, así como os documentos aos que se refire o artigo 111 do Regulamento da Cámara.

Santiago de Compostela, 10 de xaneiro de 2007

O director xeral de Relacións Parlamentarias

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS PARLAMENTARIAS

Manuel Guillermo Varela Flores

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia

XUNTA DE GALICIA

JOSÉ LUÍS MÉNDEZ ROMEU, CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA E SECRETARIO DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA,

C E R T I F I C O :

Que o Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do día vinte e oito de decembro de dous mil seis adoptou, entre outros, o seguinte Acordo:

"Aprobar o Proxecto de lei de emerxencias de Galicia, coa solicitude da súa tramitación polo procedemento de urxencia, de conformidade co disposto no artigo 98.1 do Regulamento da Cámara".

E para que conste asino a presente, co visto e prace do Sr. Presidente, en Santiago de Compostela, vinte e oito de decembro de dous mil seis.

Vº. e Prace
O PRESIDENTE

XUNTA DE GALICIA

PROXECTO DE LEI DE EMERXENCIAS DE GALICIA

28 de decembro de 2006

42255

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS 6
TÍTULO PRELIMINAR 12
Disposicións xerais 12
Artigo 1. Obxecto e ámbito de aplicación 12
Artigo 2. Principios xerais 14
Artigo 3. Obxectivos 15
TÍTULO I 17
Dereitos e deberes 17
Artigo 4. Dereito á protección e á información e obrigas das administracións públicas 17
Artigo 5. Dereito e deber de colaboración 18
Artigo 7. Deber de comunicación e cumprimento de ordes 20
Artigo 8. Prestacións persoais e reais 21
Artigo 9. Medios de comunicación social 22
TÍTULO II 23
Organización administrativa e competencias 23
CAPÍTULO I 23
Niveis de actuación 23
Artigo 10. Distribución das responsabilidades públicas en materia de protección civil e xestión de emerxencias 23
CAPÍTULO II 24
Competencias da Xunta de Galicia 24
Artigo 11. O Consello da Xunta 24
Artigo 12. A persoa titular da Presidencia da Xunta 25
Artigo 13. A persoa titular do departamento competente en materia de protección civil e xestión de emerxencias 26
Artigo 14. As persoas titulares das delegacións provinciais do departamento competente en materia de protección civil e xestión de emerxencias 27
Artigo 15. Os demais departamentos da Xunta de Galicia 28
CAPÍTULO III 29
A Axencia Galega de Emerxencias 29
Artigo 16. Natureza 29
Artigo 17. Réxime xurídico e adscrición 30
Artigo 18. Funcións 31
Artigo 19. Órganos 33
Artigo 20. Composición do Consello Reitor 34
Artigo 21. Funcións do Consello Reitor 36
Artigo 22. Funcionamento do Consello Reitor 37
Artigo 23. O/A director/a xeral 38
Artigo 24. Estrutura orgánica 39

Artigo 25. Recursos económicos e patrimonio 40
CAPÍTULO IV 41
Competencias das entidades locais 41
Artigo 26. As deputacións provinciais 41
Artigo 27. Os concellos 42
Artigo 28. Potestade de substitución 44
CAPÍTULO V 45
Órganos de coordinación e cooperación interadministrativa 45
Artigo 29. A Comisión Galega de Protección Civil 45
Artigo 30. As xuntas locais de protección civil 47
TÍTULO III 48
A acción pública de protección civil e emerxencia 48
CAPÍTULO I 48
Planificación 48
Artigo 31. Clases de plans 48
Artigo 32.Contido 49
Artigo 33. Procedemento de elaboración, aprobación e publicación 50
Artigo 34. Adaptación e revisión 51
Artigo 35. Activación dos plans 52
Artigo 36. Declaración de emerxencias de interese galego 54
CAPÍTULO II 55
A xestión de riscos ordinarios 55
Artigo 37. Xestión de riscos ordinarios 55
CAPÍTULO III 57
Rehabilitación 57
Artigo 38. Rehabilitación 57
TÍTULO IV 58
As medidas de autoprotección privada 58
Artigo 39. Obriga de autoprotección 58
Artigo 40. Catálogo de actividades de risco e plans de autoprotección 59
Artigo 41. Actividade administrativa de apoio e control das medidas de autoprotección 60
TÍTULO V 61
O persoal 61
Artigo 42. O persoal do sistema integrado de protección civil e emerxencias de Galicia 61
Artigo 43. A organización do persoal. Os grupos operativos 62
Artigo 44. A relación xurídica dos membros dos grupos operativos 63
Artigo 45. A formación e acreditación do persoal do sistema integrado de protección civil e emerxencias de Galicia 64
Artigo 46. O persoal colaborador non permanente 65
Artigo 47. Voluntariado de protección civil e emerxencias 66
TÍTULO VI 67

Financiamento **67**
Artigo 48. Recursos financeiros do sistema integrado de protección civil e emerxencias de Galicia 67
TÍTULO VII **68**
Réxime sancionador en materia de protección civil e xestión de emerxencias **68**
CAPÍTULO I 68
Infraccións e sancións 68
Sección 1ª 68
Infraccións 68
Artigo 49. Infraccións moi graves 68
Artigo 50. Infraccións graves 70
Artigo 51. Infraccións leves 71
Sección 2ª 72
Sancións 72
Artigo 52. Sancións pecuniarias 72
Artigo 53. Gradación e actualización da contía das sancións 73
Artigo 54. Sancións non pecuniarias 74
Artigo 55. Responsabilidade por danos ou perdas 75
CAPÍTULO II 76
Procedemento sancionador 76
Artigo 56. Competencia sancionadora 76
Artigo 57. Medidas provisorias 77
Artigo 58. Normativa aplicable ao procedemento sancionador 78
Disposición adicional primeira. Recoñecemento de actividades do voluntariado 79
Disposición adicional segunda. Modificacións da Lei 6/2003, do 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia 80
Disposición adicional terceira. Plan director dos servizos contra incendios e de salvamento 81
Disposición adicional cuarta. Financiamento dos servizos contra incendios e de salvamento 82
Disposición adicional quinta. Integración da análise de riscos na planificación urbanística 83
Disposición adicional sexta. Creación dunha entidade pública de servizos para situacións de emerxencia 84
Disposición transitoria primeira. Aprobación do decreto de axudas para as necesidades derivadas de situacións de emerxencia e do catálogo de recursos de protección civil e actualización ou aprobación de plans 85
Disposición transitoria segunda. Homologación da formación dos servizos de protección civil e servizos contra incendios e de salvamento 86

Disposición transitoria terceira. Constitución dos consorcios e entidades locais de cooperación 87
Disposición derrogatoria 88
Disposición derradeira primeira. Desenvolvemento regulamentario 89
Disposición derradeira segunda. Entrada en vigor 90

LEI DE EMERXENCIAS DE GALICIA

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O risco que acompaña ao ser humano ao longo da súa historia adopta novas formas hoxe en día debido ao desenvolvemento industrial e tecnolóxico, as diversas interaccións co ambiente, a evolución da poboación e as modalidades de ocupación do territorio. Xorden así novas tipoloxías de risco ás cales ten que facer fronte a sociedade.

Galicia, polas súas características xeolóxicas, orográficas, climáticas e hidrográficas, así como pola súa posición xeográfica e a súa estrutura económico-social vén soportando nas últimas décadas unha serie de emerxencias de diverso tipo e gravidade: na cornixa atlántica, o naufraxio do mercante *Casón* en 1987, o embarrancamento do *Mar Exeo* en 1992 e o naufraxio do petroleiro *Prestige* en 2002; por mor da meteoroloxía adversa, no inverno de 2000-2001, graves inundacións; os movementos sísmicos de maio de 1997, que afectaron as terras de Sarria, Becerreá e Triacastela; os incendios constantes no país, particularmente intensos no verán de 1989 e moi numerosos nos anos 1995 e 1997, así como a vaga de lumes de novo tipo en agosto de 2006.

Ás anteriores emerxencias temos que engadir o conxunto de riscos cotiáns que afectan a vida, o ambiente e os bens da cidadanía galega. Ambas as modalidades de riscos e de emerxencias requiren o establecemento dun marco legal propio que articule un sistema integrado para a súa xestión no cal se definan nitidamente as responsabilidades e as actuacións das distintas administracións públicas con competencias compartidas e concorrentes no eido dunha protección civil renovada,

que inclúa a autoprotección cívica dos particulares, das empresas e das entidades sociais diversas.

Os poderes públicos teñen confiada a protección civil, entendida como a actuación preventiva e, chegado o caso, paliativa de loita contra os riscos de toda caste. Unha actuación en que o conxunto da cidadanía debe asumir tamén a súa responsabilidade para evitar a produción de riscos e colaborar na súa prevención e erradicación. A sociedade de risco moderna precisa, por tanto, dun sistema integrado de protección civil e emerxencias no cal se defina con nitidez o papel de cada un dos axentes implicados e, fundamentalmente, das administracións públicas con competencias na materia.

A Lei de emerxencias de Galicia estrutura de forma coordinada o labor das distintas administracións públicas de Galicia con competencias nestas materias e fixa o ámbito de colaboración da sociedade civil. Este sistema integrado estrutúrase en dous ámbitos inseparables de actuación: por unha banda, a xestión de riscos, que comprende a súa identificación e avaliación, a posta en práctica de medidas estruturais de seguranza e a planificación; por outra, a xestión das emerxencias, que comprende a activación dos plans, a coordinación dos recursos para o seu control ata a súa conclusión, e, de ser o caso, a rehabilitación posterior. Todo isto, de acordo coa Constitución española, o Estatuto de autonomía de Galicia e as sentenzas 123/1984, do 18 de decembro, e 133/1990, do 19 de xullo, do Tribunal Constitucional.

O título preliminar define a protección civil como un servizo público esencial organizado nun sistema integrado de actuación para facer fronte aos riscos ordinarios e a riscos graves coa participación das distintas administracións públicas, baixo a coordinación e dirección da Xunta de Galicia e coa colaboración cidadá.

O título primeiro desta lei contén un catálogo conciso e claro de dereitos e deberes que, tendo por obxecto promover a colaboración da cidadanía nas tarefas de

protección civil, introduce as garantías e cautelas pertinentes para asegurar que se respecten os seus dereitos fundamentais.

Un dos obxectivos fundamentais desta lei é establecer con precisión a distribución das responsabilidades públicas en materia de protección civil e xestión de emerxencias sen modificar substancialmente a repartición de competencias e atribucións entre as distintas administracións públicas e órganos administrativos que existía ata o momento, mais clarificándoo.

Nesta liña, no título segundo mantense nos concellos a responsabilidade de prestar os servizos primarios de protección civil e a actuación inicial ante calquera situación de emerxencia que se detecte. Así mesmo, a lei preocúpase de modo particular de lles sinalar ás deputacións provinciais as súas responsabilidades na garantía do cumprimento polos concellos das súas obrigas nesta materia, e toma en consideración a realidade supramunicipal en previsión de que no futuro se poidan constituír entidades locais deste ámbito que asuman competencias sobre protección civil e xestión de emerxencias.

O papel da Xunta de Galicia céntrase en tres funcións fundamentais: a superior coordinación e dirección da protección civil; a xestión dos servizos que se considere necesario prestar de forma unitaria para todo o territorio galego, e a xestión das emerxencias que superen os medios de resposta de que dispoñen as entidades locais. Para o desenvolvemento destas funcións ten unha importancia esencial a nova Axencia Galega de Emerxencias que a lei crea, como organismo autónomo dotado de personalidade xurídica propia e plena capacidade para o cumprimento dos seus fins ao cal se lle encomenda a execución da política autonómica de protección civil e xestión de emerxencias e a xestión dos seus medios e servizos.

Abórdase tamén unha simplificación dos órganos colexiados de coordinación e cooperación interadministrativa que actualmente interveñen nestes ámbitos, que se reducen á Comisión Galega de Protección Civil, habilitada para crear cantos grupos de

traballo especializados tecnicamente se necesiten para o máis eficaz desenvolvemento das súas funcións.

O título terceiro aborda a acción pública de protección civil e emerxencias mediante unha estrutura integrada con tres ámbitos de planificación: territoriais, especiais e de autoprotección. Aqueles que correspondan ao ámbito privado requirirán aprobación pública. Os plans territoriais corresponderán ao conxunto de Galicia, aos concellos e ás entidades comarcais ou supramunicipais. Os plans especiais establecen as medidas necesarias para facer fronte a emerxencias que, pola súa natureza ou pola actividade que as orixina, requiran uns métodos científicos ou técnicos adecuados para a súa avaliación e tratamento.

Os plans terán un contido común básico que comprende o diagnóstico, a cadea de mando unificado, os protocolos de activación e un inventario dos medios dispoñibles. Así mesmo, defínese o procedemento de elaboración e aprobación dos plans e a forma e contido da súa activación.

A declaración de emerxencia de interese galego permite unificar na Presidencia da Xunta a dirección daquelas que, pola súa natureza, teñan un alcance ou requiran medios que fagan necesaria a súa superior dirección. Tamén se regula a xestión preventiva de riscos ordinarios que orixinan unha actuación constante do sistema integrado de protección civil e emerxencias para garantir a seguranza das persoas e dos bens. Esta activación permanente probablemente permitirá unha resposta máis áxil e inmediata no caso de xurdiren grandes emerxencias na nosa terra.

No título cuarto regúlanse as medidas de autoprotección que deben ser adoptadas pola cidadanía e polas empresas, nomeadamente a elaboración de plans para aquelas actividades en que lo exixa o catálogo de riscos.

O título quinto ocúpase da regulación do persoal adscrito ao sistema integrado de protección civil e emerxencias de Galicia. Para estes efectos a lei distingue entre persoal profesional, voluntario e colaborador. A existencia na actualidade dun

importante número de efectivos dedicados a estes labores, xestionados directa ou indirectamente por entidades públicas, con réximes xurídicos diferentes, aconsella establecer algunhas directrices que permitan a avaliación destas situacións no novo marco establecido nesta lei. Seguidamente articularanse os mecanismos de ordenación e profesionalización máis axeitados, particularmente, porque nestes momentos tamén se está a elaborar a nova lexislación básica dos servizos e empregados públicos que afectará o conxunto das administracións públicas.

Emporiso, orgánica e funcionalmente deben darse pasos efectivos para mellorar a coordinación e asegurar a eficacia da xestión dos riscos e das emerxencias. Con tal fin, establécese que todo este persoal forme parte dun sistema integrado de grupos de actuación cun mando operativo único. Así mesmo, establécese unha formación profesional inicial e permanente deste persoal, oficialmente acreditada mediante a superación das probas que se establezan.

En canto ás organizacións do voluntariado de protección civil, exíxese, para a súa existencia, a inscrición nun rexistro especial da Xunta de Galicia, remitindo a regulación dos requisitos e do procedemento de inscrición ás correspondentes normas regulamentarias.

O título sexto ocúpase dos recursos que financiarán o sistema integrado de protección civil e emerxencias de Galicia, baseados, fundamentalmente, nas asignacións orzamentarias que poidan corresponder aos concellos de máis de 20.000 habitantes, ás deputacións provinciais, para custear estas tarefas propias ou as que puidesen corresponder aos concellos menores de 20.000 habitantes, ou á Xunta de Galicia naqueles capítulos orzamentarios que se determinen regulamentariamente. Tamén se poderán incorporar recursos financeiros dos distintos departamentos da Administración autonómica con atribucións nestes eidos, da Administración xeral do Estado ou de fondos europeos aplicables. Tamén serán fontes de financiamento as taxas por prestación de servizos de xestión de riscos e emerxencias e os acordos que poidan establecerse coas compañías aseguradoras.

O título sétimo aborda o réxime sancionador en materia de protección civil, establece un catálogo de infraccións e sancións e regula o procedemento para a súa aplicación. Os importes correspondentes das sancións impostas aplicaranse ao financiamento desta lei. Finalmente, establécense os recoñecementos públicos que merezan actuacións meritorias de persoas, entidades e profesionais.

TÍTULO PRELIMINAR

Disposicións xerais

Artigo 1. Obxecto e ámbito de aplicación

1. Esta lei regula o sistema integrado de protección civil e emerxencias en Galicia, dirixido a adoptar medidas preventivas que eviten situacións de risco, a actuar en caso de risco ordinario e a protexer a integridade das persoas e os bens de titularidade pública ou privada e o ambiente de danos en situacións de emerxencia ou grave risco provocados por catástrofes, calamidades, accidentes e outras análogas.

2. A protección civil é un servizo público esencial na organización, funcionamento e execución do cal participan as distintas administracións públicas de Galicia, así como a cidadanía mediante a colaboración voluntaria e, de ser o caso, o cumprimento dos deberes que se establecen nesta lei.

3. Esta lei é de aplicación en todo o territorio de Galicia e para todas as situacións de emerxencia, sen prexuízo do establecido no marco da normativa vixente na materia.

4. Para os efectos desta lei, enténdese por emerxencia unha situación sobrevida, de caracter inesperado, que afecta en menor ou maior grao a seguranza das persoas, dos bens ou do ambiente.

A emerxencia, en función dos danos que produce, clasifícase, no referente a esta lei, en:

a) microemerxencia, qué é aquela producida polos riscos cotiáns.

b) emerxencia grave, que é aquela producida por riscos non cotiáns e para a resposta á cal existen medios suficientes polos servizos existentes, de xeito individual.

c) catástrofe, que é aquela onde se supera a capacidade de resposta individual do servizo que ten asignada a competencia da xestión dese risco.

Artigo 2. Principios xerais

1. As administracións públicas de Galicia, en cumprimento dos fins desta lei e no ámbito das súas respectivas competencias, garanten a existencia dun sistema integrado de protección civil e emerxencias, baseado nos principios de coordinación, colaboración, solidariedade, subsidiariedade e lealdade institucional, incluíndo a asistencia e socorro mutuos nos ámbitos transrexional e transfronteirizo.

2. A protección civil fundaméntase nos principios de responsabilidade pública e privada, profesionalidade, autoprotección, prevención, continuidade e celeridade na acción pública, transparencia e información.

Artigo 3. Obxectivos

A actuación das administracións públicas da comunidade autónoma galega en materia de protección civil e emerxencias terá como obxectivos os que se especifican nos seguintes ámbitos:

1. Xestión de riscos:

a) Identificar, analizar e avaliar de xeito permanente os riscos existentes no territorio.

b) Previr os riscos existentes mediante o conxunto de actuacións encamiñadas á súa diminución e a adopción de medidas acaídas para a súa detección e posibles solucións.

c) Planificar a acción pública e privada ante as situacións de risco previndo unha estrutura operativa e de mando unificadas, os medios necesarios e os protocolos de actuación precisos para asegurar a integridade das persoas e dos bens.

2. Xestión de emerxencias:

a) A canalización unificada das incidencias e alertas que se produzan a través do número único europeo de emerxencias 112.

b) A xestión, entendida como a aplicación e adecuación dos plans establecidos ás características singulares das emerxencias que se produzan, a través de protocolos específicos e a mobilización dos medios e recursos dispoñibles ou que estea previsto incorporar para a máis axeitada resolución da emerxencia.

3. Xestión da rehabilitación mediante a restauración dos servizos esenciais e a recuperación da situación de normalidade tras a emerxencia.

4. Xestión da formación e a información:

a) A adecuada formación, preparación e coordinación das persoas que interveñen de forma profesional ou voluntaria na xestión de riscos e emerxencias.

b) A formación dunha cidadanía responsable que colabore na prevención e xestión de riscos e a información públicas ás persoas e colectivos que poidan verse afectados por emerxencias.

TÍTULO I

Dereitos e deberes

Artigo 4. Dereito á protección e á información e obrigas das administracións públicas

1. Os cidadáns teñen dereito a:

a) Unha actuación preventiva dos poderes públicos, unha resposta eficaz ante os riscos e unha adecuada protección da súa integridade, dos bens e do contorno.

b) Ser informados dos riscos que poidan afectalos e das consecuencias deles que sexan previsibles, así como dos medios de que dispón a Comunidade Autónoma de Galicia para lles facer fronte.

c) Participar e ser escoitados nos procesos de elaboración dos plans de protección civil.

2. As administracións públicas galegas, nos seus respectivos ámbitos de competencia, teñen a obriga de proporcionar información e impartir instrucións claras e precisas a aquelas persoas que se poidan ver afectadas por situacións de grave risco, sobre as medidas de seguranza que deben adoptar e a conduta que deben seguir en caso de emerxencia. Fomentaranse campañas de información e divulgativas.

Artigo 5. Dereito e deber de colaboración

1. Os cidadáns teñen o dereito e o deber de colaborar nas tarefas de protección civil, consonte o establecido nos devanditos plans e nos demais instrumentos de planificación previstos nesta lei e segundo as instrucións das autoridades de protección civil.

O deber de colaboración implica tamén a participación dos cidadáns nos simulacros programados polas autoridades de protección civil. Este deber afectará de xeito especial as entidades públicas ou privadas cuxa actividade estea relacionada coa prevención, a atención, o socorro e a seguranza das persoas e dos seus bens.

2. A colaboración regular coas autoridades de protección civil realizarase a través das organizacións do voluntariado de protección civil, da Cruz Vermella Española e doutras entidades que poidan crearse no desenvolvemento desta lei.

Artigo 6. Dereito de restauración

Recoñécese o dereito dos cidadáns afectados por unha catástrofe ou calamidade á restauración dos servizos esenciais, á rehabilitación das zonas afectadas polos sinistros e ao retorno á normalidade nos termos establecidos polo artigo 31.

Artigo 7. Deber de comunicación e cumprimento de ordes

1. Todo cidadán que teña coñecemento de actividades ou circunstancias que poidan xerar situacións de emerxencia, comunicarallo ao organismo competente en materia de protección civil.

2. As persoas, empresas e entidades deberán adoptar comportamentos responsables que eviten a produción de riscos e adoptar as medidas de autoprotección que regulamentariamente se establezan.

3. En caso de emerxencia os cidadáns deberán cumprir as ordes e instrucións, xerais ou particulares, que sexan ditadas polas autoridades competentes.

Artigo 8. Prestacións persoais e reais

1. Unha vez activado un plan de protección civil ou nas situacións de risco ou emerxencia declarada, a autoridade de protección civil competente poderalles ordenar aos cidadáns a prestación de servizos persoais, de acción ou omisión, sempre de forma proporcionada á situación de necesidade e á capacidade de cada individuo.

2. Esta prestación persoal terá carácter obrigatorio e non dará dereito a indemnización, a salvo das lesións producidas respecto de calquera dos bens ou dereitos do prestador derivadas da prestación, segundo o establecido no sistema de responsabilidade patrimonial das administracións públicas.

3. No caso de activación dun plan de protección civil, sempre que a emerxencia o faga necesario e tendo sempre presente o principio de proporcionalidade, a autoridade de protección civil poderá ordenar a requisa, destrución, intervención e a ocupación temporal e transitoria dos bens dos cidadáns, incluídos combustibles, locais, industrias e outros establecementos e medios de transporte que se precisen para facer fronte á emerxencia. Os cidadáns que sufran danos e perdas nos seus bens, por causa destas actuacións, poderán ser indemnizados de acordo co estipulado pola lexislación vixente.

Artigo 9. Medios de comunicación social

1. Os medios de comunicación social, tanto de titularidade pública coma privada, teñen a obriga de colaborar, de forma gratuíta, coas autoridades de protección civil competentes nas situacións de emerxencia colectiva.

2. Esta colaboración concrétase no deber de emitir, transmitir, publicar e difundir, de xeito inmediato, prioritario e destacado, se así se lles require, a información, avisos, ordes e instrucións ditadas polas autoridades competentes e dirixidas á poboación. En todo caso, será necesaria a identificación da autoridade emisora da mensaxe.

TÍTULO II

Organización administrativa e competencias

CAPÍTULO I

Niveis de actuación

Artigo 10. Distribución das responsabilidades públicas en materia de protección civil e xestión de emerxencias

No sistema integrado de protección civil e emerxencias de Galicia, e sen prexuízo das competencias do Estado, corresponde:

a) Á Xunta de Galicia, a superior coordinación e dirección da protección civil, a xestión dos servizos que se considere necesario prestar de forma unitaria para todo o territorio galego, e a xestión das emerxencias que superen os medios de resposta de que dispoñen as entidades locais.

b) Ás deputacións provinciais, a garantía do cumprimento polos concellos das súas obrigas neste ámbito.

c) Aos municipios e ás entidades locais supramunicipais, de ser o caso, a prestación dos servizos de protección civil e a actuación inicial ante calquera situación de emerxencia que se detecte, coas previsións do artigo 331.1 da Lei 5/1997, de Administración local de Galicia.

CAPÍTULO II

Competencias da Xunta de Galicia

Artigo 11. O Consello da Xunta

O Consello da Xunta é o órgano superior de dirección e coordinación da protección civil e da xestión de emerxencias da Comunidade Autónoma de Galicia e, como tal, correspóndelle:

a) Aprobar as disposicións de carácter xeral en materia de protección civil e xestión de emerxencias.

b) Aprobar o Plan territorial de protección civil de Galicia e os plans especiais.

c) Aprobar o mapa e o catálogo de riscos de Galicia.

d) Fixar as directrices da política de prevención e autoprotección.

e) Declarar a situación de emerxencia de interese galego, cando a situación de perigo, pola súa especial extensión ou intensidade particularmente grave, o requira.

f) Establecer as liñas de cooperación en materia de protección civil coa Administración xeral do Estado e coas demais administracións públicas de Galicia.

g) Exercer a potestade sancionadora nos termos establecidos nesta lei.

Artigo 12. A persoa titular da Presidencia da Xunta

1. En tanto que autoridade superior de dirección e coordinación da Xunta, á persoa titular da Presidencia da Xunta correspóndelle:

a) Exercer o mando único dos servizos de intervención fronte ás emerxencias nos casos previstos nesta lei.

b) Promover as fórmulas de cooperación transrexional e transfronteiriza que resulten precisas para a prevención dos riscos e a xestión das emerxencias comúns nestes ámbitos.

c) Promover, a través da persoa titular da Delegación do Goberno, o concurso das Forzas Armadas e dos Corpos e Forzas de Seguridade do Estado no campo da prevención dos riscos e a xestión das emerxencias.

2. A persoa titular da Presidencia da Xunta de Galicia poderá, por razóns funcionais, operativas ou organizativas delegar expresamente algunha destas atribucións.

Artigo 13. A persoa titular do departamento competente en materia de protección civil e xestión de emerxencias

A persoa titular do departamento da Xunta de Galicia que teña atribuída a competencia en materia de protección civil e xestión de emerxencias é o órgano responsable da política de protección civil e xestión de emerxencias de Galicia e, como tal, correspóndelle:

a) Proporlle ao Consello da Xunta a declaración de situación de emerxencia de interese galego.

b) Proporlle ao Consello da Xunta, para a súa aprobación, o Plan territorial de protección civil de Galicia, os plans especiais, o mapa e o catálogo de riscos, e cantas disposicións de carácter xeral se requiran en materia de protección civil e xestión de emerxencias.

c) Proporlle á persoa titular da Presidencia da Xunta de Galicia as iniciativas que sexan precisas para garantir a prevención dos riscos e a xestión das emerxencias comúns nos ámbitos transrexional e transfronteirizo.

d) Proporlle á persoa titular da Presidencia da Xunta as iniciativas relativas ao sistema estatal de protección civil e ao sistema integrado de protección civil e emerxencias de Galicia, e aqueloutras no ámbito da asistencia mutua bilateral entre comunidades autónomas ou internacionais nas materias desta lei.

e) Aprobar os catálogos de medios e recursos.

f) Aprobar as directrices de actuación da Axencia Galega de Emerxencias e exercer as demais atribucións derivadas da adscrición orgánica desta ao departamento correspondente.

g) Exercer a potestade de substitución das entidades locais nos casos e termos previstos nesta lei e, en especial, no artigo 28.

h) Exercer a potestade de recoñecemento público das actuacións meritorias de cidadáns, entidades, organismos e profesionais.

i) Exercer a potestade sancionadora nos termos establecidos nesta lei.

Artigo 14. As persoas titulares das delegacións provinciais do departamento competente en materia de protección civil e xestión de emerxencias

Ás persoas titulares das delegacións provinciais do departamento competente en materia de protección civil e xestión de emerxencias correspóndelles activar os plans públicos de protección civil na súa provincia, dirixir a xestión das emerxencias e exercer a potestade sancionadora nos casos e termos establecidos nesta lei.

Artigo 15. Os demais departamentos da Xunta de Galicia

A protección civil incumbe a todos os departamentos da Xunta de Galicia, así como aos organismos vinculados ou dependentes deles. En especial, e no seu ámbito de competencias, correspóndelle a cada un deles:

a) Realizar no seu ámbito competencial as funcións de previsión, avaliación e prevención dos riscos susceptibles de xerar emerxencias de protección civil.

b) Participar na elaboración dos plans de protección civil e integrar neles os recursos e servizos propios.

c) Potenciar os servizos e medios necesarios para mellorar a operatividade dos plans de protección civil.

d) Pór á disposición da autoridade que exerza as funcións de dirección e coordinación de cada emerxencia os medios e recursos dispoñibles da súa titularidade.

e) Realizar os traballos de rehabilitación que lles son propios e impulsar, dentro do seu ámbito competencial, os que correspondan a outras administracións públicas ou ao sector privado.

f) Tomar as iniciativas que consideren necesarias para a mellor xestión dos riscos e das emerxencias do seu ámbito competencial para garantir a seguranza integral das persoas, dos bens e do ambiente que lles estean confiados, incluíndo a posible incorporación ao número europeo de emerxencias, nos termos que regulamentariamente se establezan, dentro do marco de coordinación establecido nesta lei.

CAPÍTULO III

A Axencia Galega de Emerxencias

Artigo 16. Natureza

1. Créase a Axencia Galega de Emerxencias como entidade instrumental da Xunta de Galicia para a execución da política autonómica en materia de protección civil , mediante os medios e servizos para a xestión dos riscos e das emerxencias, nos termos establecidos nesta lei.

2. A Axencia Galega de Emerxencias ten a natureza de organismo autónomo de carácter administrativo, dotado de personalidade xurídica e patrimonio propios e plena capacidade para o cumprimento dos seus fins. O persoal ao seu servizo será funcionario ou laboral, nos termos establecidos na normativa aplicable a este persoal no ámbito da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia.

Artigo 17. Réxime xurídico e adscrición

1. A Axencia Galega de Emerxencias rexerase polo disposto nesta lei, polo seu estatuto e polas demais disposicións que sexan de aplicación de acordo coa súa natureza xurídica.

Mediante decreto do Consello da Xunta aprobaranse os estatutos da Axencia Galega de Emerxencias.

2. A Axencia Galega de Emerxencias estará adscrita ao departamento competente en materia de protección civil.

Artigo 18. Funcións

Correspóndelle á Axencia Galega de Emerxencias:

a) Xestionar o Centro de Atención de Emerxencias 112 Galicia, e prestar materialmente a asistencia requirida polos cidadáns a través del, ou dar traslado daqueloutras que sexan atendidas polos organismos competentes segundo se estableza regulamentariamente.

b) Xestionar os helicópteros de emerxencias do 112 e todos os outros medios e recursos operativos que poidan incorporarse á Axencia.

c) Xestionar as emerxencias de interese galego baixo a superior dirección da persoa titular da Presidencia da Xunta ou da persoa titular do departamento en que este delegue e aqueloutras emerxencias que os plans especiais ou territoriais determinen.

d) Representar á Xunta de Galicia nos consorcios que para a coordinación e a xestión dos servizos de protección civil e xestión de emerxencias se poidan crear con outras administracións públicas.

e) Desenvolver e coordinar a política e os programas en materia de protección civil e xestión de riscos e de emerxencias segundo as directrices emanadas do Consello da Xunta.

f) Elaborar o Plan territorial de protección civil de Galicia, os plans especiais, os procedementos internos de actuación e os protocolos operativos propios da Axencia, no ámbito de Galicia, sen prexuízo das competencias sectoriais nestas materias que teñan atribuídas outros departamentos da Xunta de Galicia, e as liñas directrices para a elaboración dos plans territoriais que corresponda. Regulamentariamente establecerase o procedemento de consulta, elaboración, homologación e aprobación dos plans.

g) Avaliar e cualificar o risco cando lle sexa comunicada unha situación de emerxencia das que poden dar lugar á activación dun plan público de protección civil.

h) Requirir das demais administracións públicas, das entidades públicas ou privadas e dos particulares a colaboración necesaria para o cumprimento da obrigas establecidas nesta lei.

i) Establecer os medios para fomentar actuacións que contribúan á prevención de riscos, á atenuación dos seus efectos e, en xeral, á toma de conciencia e sensibilización dos cidadáns da importancia da protección civil.

j) Coordinar as actuacións da Xunta de Galicia con outras administracións públicas en materia de protección civil e xestión de emerxencias.

k) Coordinar entre si os servizos públicos e privados que deban intervir en situacións de emerxencia.

l) Elaborar o mapa e o catálogo de riscos de Galicia, así como os catálogos de medios e recursos e o catálogo de servizos.

m) Fomentar, en colaboración co departamento da Administración autonómica competente en materia de voluntariado, a vinculación voluntaria e desinteresada dos cidadáns ás actividades de protección civil.

n) As demais funcións que no ámbito da protección civil e a xestión de emerxencias se determinen no seu estatuto.

Artigo 19. Órganos

1. Os órganos de goberno e administración da Axencia Galega de Emerxencias son:

a) O Consello Reitor.

b) O/a director/a xeral.

Artigo 20. Composición do Consello Reitor

O Consello Reitor da Axencia Galega de Emerxencias está formado por unha presidencia, unha vicepresidencia, dezaseis vogalías e unha secretaría.

1. Presidencia: a persoa titular do departamento competente en materia de protección civil.
2. Vicepresidencia: a persoa titular da Dirección Xeral da Axencia Galega de Emerxencias.
3. Vogalías:

a) A persoa titular da Secretaría Xeral do departamento competente en materia de protección civil.

b) A persoa titular da dirección xeral competente en materia de interior.

c) Un representante, con categoría, cando menos, de director xeral, do departamento competente en materia de voluntariado.

d) Un representante, con categoría, cando menos, de director xeral, do departamento competente en materia de urbanismo e transportes.

e) Un representante, con categoría, cando menos, de director xeral, do departamento competente en materia de montes e incendios forestais.

f) Un representante, con categoría, cando menos, de director xeral, do departamento competente en materia de sanidade.

g) Un representante, con categoría, cando menos, de director xeral, do departamento competente en materia de pesca e asuntos marítimos.

h) Un representante, con categoría, cando menos, de director xeral, do departamento competente en materia de ambiente.

i)) Tres vogais designados pola presidencia do Consello Reitor entre persoas expertas e de prestixio en materia de emerxencias.

i) Catro representantes dos concellos de Galicia, designados pola Federación Galega de Municipios e Provincias.

k) Un representante da Administración do Estado, nomeado pola persoa titular da Delegación do Goberno en Galicia.

A condición do vogal representante dos concellos estará vinculada á representatividade posuída, e perderase ao desaparecer esta.

4. Secretaría: a persoa titular da Secretaría Xeral da Axencia Galega de Emerxencias.

Artigo 21. Funcións do Consello Reitor

1. O Consello Reitor da Axencia Galega de Emerxencias é o órgano colexiado de control, planificación e supervisión xeral da actividade do centro.

2. O Consello Reitor debe coñecer e aprobar:

a) As directrices xerais de actuación do organismo.

b) O plan anual de actividades.

c) A memoria das actividades do exercicio anterior.

d) O regulamento de réxime interior.

e) O anteproxecto do orzamento anual da Axencia e as súas contas

3.O Consello Reitor debe coñecer e emitir informe sobre:

a) Aquelas normas relativas ás disposicións e actos que afecten as funcións que a Axencia ten encomendadas nesta lei.

b) Os asuntos que a persoa titular da presidencia do Consello Reitor ou o/a director/a xeral da Axencia Galega de Emerxencias sometan á sua consideración.

4. O Consello Reitor debe ser informado:

a) Da estrutura orgánica e o cadro de persoal da Axencia.

b) Dos convenios de colaboración e cooperación subscritos pola persoa titular da presidencia.

Artigo 22. Funcionamento do Consello Reitor

1. O funcionamento do Consello Reitor axustarase ao disposto na Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, título II, capítulo II, sobre órganos colexiados.

2. O Consello Reitor reunirase, como mínimo, unha vez cada ano, e en calquera caso sempre que sexa convocado pola persoa titular da presidencia ou sexa solicitado por unha terceira parte dos seus membros.

3. A persoa titular da presidencia do Consello Reitor ou o director/a xeral da Axencia Galega de Emerxencias poderán convocar ás reunións, para asesoramento, persoas técnicas ou especialistas.

Artigo 23. O/A director/a xeral

1. O/A director/a xeral da Axencia Galega de Emerxencias será nomeado mediante decreto da Xunta de Galicia, por proposta da persoa titular do departamento competente en materia de protección civil.

2. Correspóndelle ao/á director/a xeral da Axencia Galega de Emerxencias:

a) Exercer a representación ordinaria do organismo.

b) Executar os acordos do Consello Reitor.

c) Elaborar o anteproxecto de orzamento anual, que será posto en coñecemento do Consello Reitor.

d) Proporlle ao Consello Reitor o plan anual de actividades.

e) Elaborar o regulamento de réxime interior.

f) Dirixir a xestión orzamentaria, autorizar e dispor os gastos e ordenar os pagamentos.

g) Dirixir os servizos administrativos e exercer a xefatura de persoal da Axencia Galega de Emerxencias de Galicia.

h) Preparar a memoria de actividades para sometela ao Consello Reitor.

i) As funcións que poida delegarlle o Consello Reitor ou a persoa titular da presidencia deste e aqueloutras competencias que, correspondendo á Axencia Galega de Emerxencias, non estean atribuídas legal ou regulamentariamente a outro órgano desta.

Artigo 24. Estrutura orgánica

Para a realización das suas funcións, a Axencia Galega de Emerxencias terá asignadas as unidades organizativas que se determinen mediante decreto da Xunta de Galicia por proposta do departamento competente en materia de protección civil.

Artigo 25. Recursos económicos e patrimonio

1. A Axencia Galega de Emerxencias disporá, para o cumprimento dos seus fins, dos seguintes recursos:

a) As cantidades que se lle asignen nos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma.

b) Os bens e dereitos que constitúan o seu patrimonio e os rendementos deste.

c) As subvencións e outras achegas públicas ou privadas.

d) As contraprestacións derivadas dos convenios en que sexa parte.

e) Os rendementos das publicacións e calquera outro servizo retributivo do centro que así se estableza.

2. Terán carácter de patrimonio adscrito os bens que lle adscriba a Comunidade Autónoma.

CAPÍTULO IV

Competencias das entidades locais

Artigo 26. As deputacións provinciais

As deputacións provinciais exercerán as súas competencias en materia de protección civil e xestión de emerxencias de acordo co previsto na lexislación estatal, na lexislación galega de réxime local e nesta lei. Correspóndelles:

a) Elaborar os inventarios de riscos e de recursos da súa respectiva provincia.

b) A asistencia técnica e financeira aos concellos da provincia para a elaboración e execución dos plans de emerxencia.

c) Colaborar coas institucións competentes en materia de protección civil e xestión de emerxencias, e en especial coa Xunta de Galicia, para a creación de entidades locais de xestión e mantemento dos parques comarcais contra incendios e de salvamento e outros grupos de emerxencia de ámbito de actuación municipal ou supramunicipal.

d) Pór á disposición da autoridade que exerza as funcións de dirección e coordinación de cada emerxencia os medios e recursos dispoñibles da súa titularidade que figuren nos plans correspondentes cando lles sexan requiridos.

e) Garantir a prestación do servizo de protección civil e xestión de emerxencias, incluídos os servizos contra incendios e de salvamento, naqueles municipios que non conten con servizos propios, por non resultaren obrigados ou por teren obtida dispensa deles.

Artigo 27. Os concellos

1. Sen prexuízo da competencia xeral en materia de protección civil e xestión de emerxencias que o artigo 10 desta lei lles atribúe a todos os concellos, correspóndelles aos concellos de máis de 20.000 habitantes:

a) Crear o servizo municipal de protección civil e xestión de emerxencias.

b) Crear os servizos de prevención, extinción de incendios e salvamento consonte o establecido na lexislación de réxime local e de protección civil.

c) Elaborar e aprobar o Plan de emerxencia municipal, os Plans de actuación municipais e, en xeral, calquera outro instrumento de planificación de protección civil no ámbito municipal .

d) Colaborar na recollida e transmisión á Axencia Galega de Emerxencias de datos e información relevantes para a protección civil.

e) Elaborar os inventarios de riscos e o catálogo de recursos municipais en situacións de emerxencia.

f) Pór á disposición da autoridade que exerza as funcións de dirección e coordinación de cada emerxencia os medios e recursos dispoñibles da súa titularidade que figuren nos plans correspondentes ou que lles fosen requiridos.

g) Fomentar os programas municipais de previsión e prevención, promovendo campañas e programas de sensibilización á poboación, divulgando os medios de autoprotección e realizando prácticas e simulacros de protección civil.

h) Promover, en colaboración co departamento da Administración autonómica competente en materia de voluntariado, a creación de organizacións do voluntariado de protección civil.

2. A persoa titular da alcaldía é a autoridade municipal superior de protección civil e xestión de emerxencias.

En particular, nos concellos que dispoñan de servizos propios de protección civil e xestión de emerxencias correspóndelle á persoa titular da alcaldía:

a) Elaborar e manter o catálogo de medios e recursos mobilizables para a protección civil no concello.

b) Activar os plans de protección civil de ámbito municipal, declarar a súa desactivación e comunicarlle á persoa titular do departamento con competencia en materia de protección civil a activación e desactivación dos ditos plans a través da Axencia Galega de Emerxencias.

c) Solicitar do Consello da Xunta, a través do titular do departamento competente en materia de protección civil e xestión de emerxencias, a declaración da situación de emerxencia de interese galego nos casos previstos nesta lei.

d) Exercer a dirección, o mando superior, a coordinación e a inspección de todos os servizos e recursos afectados ao plan municipal activado e das actuacións que se realicen.

e) Constituír o centro de coordinación de operacións local e exercer a dirección superior del.

f) Requirir das entidades privadas e dos particulares a necesaria colaboración para o cumprimento das obrigas establecidas nesta lei.

g) Realizar as actividades de inspección previstas nesta lei.

h) Exercer a potestade sancionadora nos termos establecidos nesta lei.

Artigo 28. Potestade de substitución

1. A Administración da Xunta de Galicia poderá proceder á substitución das entidades locais cando estas, de xeito reiterado, non leven a cabo algunha das seguintes actuacións que esta lei lles impón:

a) Aprobar os correspondentes plans de protección civil.

b) Modificar os plans aprobados, se a modificación é condición para a súa homologación ou vén exixida por circunstancias sobrevidas ou pola modificación dos plans superiores en que se integren.

c) Activar o correspondente plan de protección civil, se se producisen os presupostos para isto.

d) Pór á disposición da autoridade que exerza as funcións de dirección e coordinación de cada emerxencia os medios e recursos dispoñibles da súa titularidade que figuren nos plans correspondentes ou que lles fosen requiridos.

e) Cumprir as obrigas derivadas da alínea e) do artigo 26.

2. A substitución deberá ir precedida dun requirimento do titular do departamento competente en materia de protección civil e xestión de emerxencias. Se, transcorrido un mes desde o devandito requirimento, non se levase a cabo a actuación requirida ou non se xustificasen os motivos da inactividade, a persoa titular do departamento, oída a Comisión Galega de Protección Civil, declararía o seu incumprimento e adoptaría as resolucións de execución subsidiaria da actuación incumprida á custa da entidade local obrigada.

3. Non será necesario deixar transcorrer o prazo dun mes desde a comunicación do requirimento cando a actuación requirida sexa urxente e a súa non-realización puidese pór en perigo persoas, bens ou o ambiente, ou supor unha agravación da situación de risco.

CAPÍTULO V

Órganos de coordinación e cooperación interadministrativa

Artigo 29. A Comisión Galega de Protección Civil

1. A Comisión Galega de Protección Civil é o órgano colexiado de coordinación e cooperación das administracións públicas en Galicia en materia de protección civil, adscrito ao departamento da Xunta de Galicia competente en materia de protección civil e xestión de emerxencias.

2. Regulamentariamente determinarase a composición, a organización e o funcionamento da Comisión Galega de Protección Civil, na cal estarán representadas a Administración da Xunta de Galicia, a Administración xeral do Estado, as entidades locais de Galicia, os servizos de emerxencia e as organizacións do voluntariado de protección civil.

3. Correspóndelle á Comisión Galega de Protección Civil:

a) Emitir informe sobre o Plan territorial de protección Civil de Galicia e sobre os plans especiais.

b) Emitir informe sobre o mapa de riscos, o catálogo de riscos e os catálogos de medios e recursos.

c) Homologar os plans de protección civil de ámbito inferior á Comunidade Autónoma e emitir informe sobre os plans especiais de protección civil de ámbito da Comunidade Autónoma, así como sobre os plans de autoprotección que se indiquen na normativa vixente.

d) Emitir informe sobre as normas técnicas e sobre os proxectos de normas regulamentarias sobre protección civil e xestión de emerxencias.

e) Emitir informe sobre os procedementos de operativos de protección civil e de xestión de emerxencias.

f) Propor medidas preventivas e de protección civil ante os órganos competentes das diferentes administracións públicas.

g) As demais funcións que regulamentariamente se determinen.

4. A Comisión Galega de Protección Civil contará cunha Comisión Técnica de carácter permanente, coa composición que se determine regulamentariamente, como órgano de estudo e proposta para a preparación das súas decisións e a adopción por delegación daquelas que a Comisión determine. Así mesmo, poderá crear grupos de traballo temporais, integrados por membros dela e outras persoas técnicas, para o estudo e informe de aspectos concretos relacionados coas súas funcións.

5. A Comisión Galega de Protección Civil e os seus órganos de traballo, para o exercicio das súas funcións, poderán solicitar información de calquera persoa física ou xurídica, así como das organizacións de voluntarios de protección civil e dos servizos de emerxencias de Galicia, e solicitar o asesoramento de especialistas.

Artigo 30. As xuntas locais de protección civil

1. Os concellos poderán crear as xuntas locais de protección civil, como órgano asesor en materia de protección civil e xestión de emerxencias no ámbito local. A súa composición e modo de funcionamento determinaranse regulamentariamente, sen prexuízo das competencias municipais en materia de proteccción civil.

2. Correspóndelles ás xuntas locais de protección civil, como órganos asesores de protección civil e xestión de emerxencias no ámbito local:

a) Propor a elaboración do plan de emerxencias municipal ou supramunicipal de acordo cos riscos do concello.

b) Emitir informe, con carácter previo á súa aprobación, sobre os plans de protección civil elaborados.

c) Supervisar o desenvolvemento, a implantación, a revisión e a realización de simulacros e actualización dos plans.

d) Promover e supervisar o cumprimento das medidas de prevención establecidas no plan de emerxencias municipal ou supramunicipal.

e) Promover as campañas de formación e información cidadá, así como o adestramento daqueles sectores da poboación que se considere necesario, consonte os riscos que os afecten.

f) Analizar e avaliar o desenvolvemento do plan de emerxencias municipal ou supramunicipal unha vez concluída a situación de emerxencia e propor as correccións necesarias nel.

g) Promover e impulsar as medidas que considere necesarias no ámbito da protección civil.

h) Informar e propor as previsión económicas e de infraestruturas que sexan necesarias para o desenvolvemento das súas competencias.

i) As demais funcións que regulamentariamente se determinen.

TÍTULO III

A acción pública de protección civil e emerxencia

CAPÍTULO I

Planificación

Artigo 31. Clases de plans

1. Os plans públicos de protección civil, no marco da normativa vixente en materia de proteccción civil, poden ser territoriais e especiais. No ámbito privado aprobaranse plans de autoprotección.

2. Os plans de protección civil territoriais prevén, con carácter xeral, as emerxencias que poidan producirse no respectivo ámbito. Os niveis básicos de planificación son o conxunto de Galicia, os concellos de máis de 20.000 habitantes e o supramunicipal.

3. Os plans especiais establecen as medidas necesarias para facer fronte a emerxencias que pola súa natureza requiran uns métodos científicos ou técnicos adecuados para a súa avaliación e tratamento. Son obxecto de plans especiais, nos ámbitos territoriais que sexan precisos, as emerxencias producidas por asolagamentos, movementos sísmicos, riscos químicos, de transporte de mercadorías perigosas, incendios forestais e volcánicos e todos aqueles outros que determinen os órganos competentes. Os plans especiais de ámbito municipal ou supramunicipal integraranse nos plans de protección civil correspondente.

Artigo 32.Contido

Os plans de protección civil, no marco da normativa vixente en materia de proteccción civil, elaboraranse seguindo unha estrutura homoxénea para a súa adecuada integración e deberán incluír, necesariamente, previsións sobre:

a) Identificación do territorio, poboación e bens de interese relevante afectados polo plan.
b) Análise dos riscos
c) Medidas de prevención dos riscos existentes e as actuacións dos servizos operativos de emerxencia.
d) Centro de coordinación operativa con designación do/a director/a do plan e do responsable de comunicación
e) Servizos que compoñen os grupos operativos
f) Inventario de medios e recursos dispoñibles
g) Niveis de aplicación do plan, procedemento de activación e de relación con plans doutros niveis
h) Programa de implantación, mantemento, actualización e simulacros dos plans
i) Financiamento

Artigo 33. Procedemento de elaboración, aprobación e publicación

1. O Plan territorial de protección civil de Galicia será aprobado polo Consello da Xunta por proposta da persoa titular do departamento competente en materia de protección civil, logo de consulta aos departamentos da Xunta de Galicia e organismos afectados. Os plans municipais serán aprobados polos plenos dos concellos, logo de información pública e informe, se é o caso, da Xunta Local de Protección Civil. Todos os plans serán homologados pola Comisión Galega de Protección Civil.

2. Correspóndelle ao Consello da Xunta, co informe previo da Comisión Galega de Protección Civil, a aprobación dos plans especiais, tras a consulta ás entidades locais e ás entidades que regulamentariamente se establezan. As entidades locais afectadas polos plans especiais deberanos incorporar aos seus plans.

3. Todos os plans de emerxencias deben ser obxecto de publicación nos diarios oficiais pertinentes. As administracións disporán de exemplares dos plans aprobados para a súa consulta pública e promoverán a súa publicación electrónica.

Artigo 34. Adaptación e revisión

Os plans deben ser adaptados aos cambios de circunstancias e revisados periodicamente. Todos os plans deben ser revisados cada catro anos polo mesmo procedemento de aprobación e homologación iniciais. Periodicamente realizaranse simulacros que permitirán contrastar a adaptación dos plans aos posibles riscos.

Artigo 35. Activación dos plans

1. Detectada unha situación de emerxencia, a Axencia Galega de Emerxencias, a través do Centro de Atención de Emerxencias 112 Galicia, logo da avaliación e cualificación do risco, establecerá o procedemento de actuación pertinente.

2.Correspóndelle á autoridade local, no seu termo municipal, a responsabilidade da adopción das medidas inmediatas necesarias para afrontala, sen prexuízo do auxilio das deputacións provinciais.

3. Cando a natureza ou a extensión do risco ou a necesidade de servizos ou recursos excedan os previstos no seu correspondente plan, a autoridade competente da dirección do plan de nivel superior activará o plan territorial máis amplo conforme as necesidades da emerxencia, asumindo a dirección e coordinación das actuacións a autoridade que exerza tales funcións no plan territorial máis amplo.

4. En todo caso, os órganos autonómicos competentes asumirán a dirección e coordinación cando se dispoña a activación do Plan territorial de emerxencias de Galicia ou dun plan especial ou cando sexa declarada a situación de emerxencia de interese galego.

5. Procedemento formal de activación dun plan: ante unha situación de emerxencia que requira a activación dun plan, o director do plan pertinente activará formalmente o plan que corresponda, comunicando esta situación á Axencia Galega de Emerxencias a través do Centro de Atención ás Emerxencias 112 Galicia. A activación do plan implicará, en todo caso:

a) A constitución do centro de coordinación operativo do plan e, de ser o caso, do centro de control operativo integrado.

b) O enlace co posto de mando avanzado.

c) A mobilización inmediata dos diversos grupos operativos.

d) A información á poboación e a comunicación das instrucións pertinentes.

6. A desactivación dun plan de protección civil será declarada formalmente polo seu director, unha vez superada totalmente a situación de emerxencia, comunicando esta situación á Axencia Galega de Emerxencias a través do Centro de Atención ás Emerxencias 112 Galicia.

Artigo 36. Declaración de emerxencias de interese galego

1. Cando a situación de perigo ou os danos ocorridos sexan, pola súa especial extensión ou intensidade, particularmente graves, o Consello da Xunta, por solicitude da persoa titular do departamento competente en materia de protección civil, poderá acordar a declaración de emerxencia de interese galego.

2. A declaración de emerxencia de interese galego suporá a asunción pola persoa titular da Presidencia da Xunta, ou persoa titular do departamento en quen delegue, da dirección de todas as actividades da emerxencia. Para tal fin estará asistido por un gabinete de crise formado por aqueles membros do Consello da Xunta implicados na emerxencia, ademais da persoa titular do departamento competente en materia de protección civil.

3. A xestión da emerxencia de interese galego corresponderalle á Axencia Galega de Emerxencias, sen prexuízo da incorporación de medios doutros órganos ou entes administrativos. A declaración poderá implicar a reorganización funcional dos servizos administrativos e as modificacións orzamentarias precisas para lle facer fronte á emerxencia.

CAPÍTULO II

A xestión de riscos ordinarios

Artigo 37. Xestión de riscos ordinarios

1. A acción permanente das administracións públicas orientada á protección civil en situacións de risco ordinario axustarase ao marco da normativa vixente en materia de protección civil.

2. O apoio técnico e a coordinación da xestión de riscos ordinarios correspóndelle á Axencia Galega de Emerxencias e ás autoridades autonómicas competentes en materia de protección civil.

3. Regulamentariamente aprobaranse os procedementos de resposta ordinaria ás chamadas de auxilio e as medidas e criterios que se adoparán, de acordo coas seguintes pautas:

a) Cando a atención á urxencia sexa competencia dunha determinada Administración ou servizo administrativo e non sexa necesaria a intervención externa, a Axencia Galega de Emerxencias limitará o seu labor a cualificar o risco, transmitir a alarma e realizar o seu seguimento, debendo notificar o peche da actuación o organismo responsable da súa xestión.

b) Cando sexa precisa a colaboración de diversos medios ou recursos procedentes doutras administracións, a Axencia Galega de Emerxencias ofrecerá a súa coordinación e apoio técnico a fin de procurar a unidade de acción, podendo designar unha persoa como director de operacións e establecer directrices de actuación nos casos de grave perigo para a integridade física das persoas.

4. A Xunta de Galicia promoverá un sistema integrado de resposta ás emerxencias a través da Central de Atención ás Emerxencias 112 Galicia

a) A función da Central de Atención ás Emerxencias 112 Galicia en materia de xestión de riscos ordinarios é xestionar o despacho das emerxencias segundo os diferentes recursos e servizos que cumpra mobilizar desde que entra a chamada de emerxencia ata o peche desta.

b) Con este fin, na Central de Atención ás Emerxencias 112 Galicia integraranse os servizos contra incendios e de salvamento, a unidade do Corpo Nacional de Policía adscrita á Xunta de Galicia e calquera outro servizo que pola operatividade e necesaria coordinación se determine regulamentariamente.

c) A Xunta de Galicia acordará o procedemento para a integración de servizos e grupos operativos de distintos departamentos da Xunta de Galicia. Así mesmo, a Xunta de Galicia promoverá os convenios que corresponda coa Administración xeral do Estado para a integración dos servizos dependentes desta.

d) En todo caso, a Xunta de Galicia promoverá o desenvolvemento dunha plataforma tecnolóxica compatible cos diferentes servizos de emerxencias que, nos casos de microemerxencias, permita a xestión automática destas.

e) A Central de Atención ás Emerxencias 112 Galicia será a sede do Centro de Coordinación Operativa (CECOP Galicia) nos casos previstos polos plans de protección civil e nas emerxencias de interese galego.

CAPÍTULO III

Rehabilitación

Artigo 38. Rehabilitación

1. As administracións públicas, dentro das súas respectivas competencias, restablecerán os servizos esenciais para a comunidade afectada por unha catástrofe ou calamidade, dispoñendo para este fin as medidas que sexan necesarias segundo os criterios que se establecerán regulamentariamente.

2. O Consello da Xunta, por proposta da persoa titular do departamento da Xunta de Galicia competente en materia de protección civil, aprobará un regulamento sobre os criterios que se deberán seguir, se é o caso, para a concesión de axudas ou subvencións en atención ás necesidades derivadas de situacións de emerxencia de natureza catastrófica. Estas axudas terán caracter subsidiario e complementario de calquera outro sistema de cobertura de danos, público ou privado, estatal ou internacional, de que poidan ser beneficiarios os afectados.

3. As administracións públicas colaborarán, de xeito recíproco, nas tarefas de restauración, rehabilitación e retorno á normalidade. A Xunta de Galicia e as deputacións provinciais prestaranlles asistencia aos concellos e entidades locais supramunicipais que teñan asumida a competencia de protección civil e xestión de emerxencias para a elaboración e execución de plans de recuperación, para o cal poderán asinar convenios de colaboración. Adoptaranse as medidas orzamentarias precisas para realizar as actuacións de restauración, rehabilitación e retorno á normalidade.

4. As empresas de servizos públicos ou de interese xeral, tanto públicas coma privadas, procederán ao restablecemento dos seus servizos, cando sexan afectados por unha situación de catátrofe ou calamidade, coa maior celeridade posible.

TÍTULO IV

As medidas de autoprotección privada

Artigo 39. Obriga de autoprotección

As persoas, empresas e, en xeral, as entidades e os organismos que realizan actividades que poidan xerar situacións de risco colectivo, catástrofe ou calamidade, así como os centros e instalacións públicos e privados que poidan resultar afectados de forma especialmente grave por situacións deste carácter, están obrigados a adoptar os correspondentes plans de autoprotección e a manter os medios persoais e materiais necesarios para facer fronte a situacións de risco e emerxencia, de acordo coa lexislación aplicable e as normas que desenvolvan esta lei.

Artigo 40. Catálogo de actividades de risco e plans de autoprotección

1. A Xunta de Galicia, logo de audiencia das persoas, empresas e entidades que se poidan ver afectadas ou das súas organizacións representativas, poderá determinar, mediante regulamento, un catálogo autonómico complementario de actividades e tipos de centros aos cales se lle exixan medidas de autoprotección de acordo coas directrices básicas de autoprotección establecidas na lexislación vixente.

2. Os citados plans de autoprotección comprenderán, cando menos, os seguintes aspectos:

a) Identificación e avaliación dos riscos que poidan afectar o lugar ou establecemento.

b) Plan de prevención que estableza as medidas dirixidas a reducilos ou eliminalos.

c) Plan de emerxencia para os supostos de alarma, socorro e evacuación.

d) Información, formación e equipamento para as persoas que traballen nesas instalacións e catálogo de medios dispoñibles ante as emerxencias.

e) Designación da persoa responsable das medidas e da dirección no caso de riscos.

3. Os plans de autoprotección deben ser homologados pola Comisión Galega de Protección Civil, co informe previo favorable do concello correspondente. Deberán ser revisados cada catro anos ou cando as circunstancias así o requiran por modificacións substanciais seguindo o mesmo procedemento.

4. Os recursos e servizos ligados a un plan de autoprotección poden ser mobilizados no caso de activarse un plan de protección civil, sempre que non vaian en detrimento do plan de autoprotección a que están adscritos.

Artigo 41. Actividade administrativa de apoio e control das medidas de autoprotección

1. A Xunta de Galicia promoverá a formación de organizacións de autoprotección entre as persoas, entidades e empresas e facilitaralles asesoramento técnico e asistencia. Estas comunicaranlles ás autoridades de protección civil os plans e medidas de autoprotección adoptados e as súas modificacións.

2. As autoridades de protección civil deberán inspeccionar, polo menos unha vez ao ano, o estado das medidas e dos medios de autoprotección existentes.

3. As administracións públicas, no ámbito das súas respectivas competencias, poderán proceder de oficio á execución subsidiaria das medidas de autoprotección, prevención e seguranza en caso de incumprimento polo obrigado, de conformidade co previsto na lexislación de procedemento administrativo, sen prexuízo das infraccións penais ou administrativas en que poida ter incorrido e, de ser o caso, da exixencia do pagamento dos custos das intervencións públicas.

TÍTULO V

O persoal

Artigo 42. O persoal do sistema integrado de protección civil e emerxencias de Galicia

1. O sistema integrado de protección civil e emerxencias de Galicia estará formado tanto por persoal de carácter profesional como por voluntarios. A dirección e coordinación das actividades reguladas nesta lei corresponderalle ao persoal profesional.

2. O persoal profesional é aquel que desempeña a súa actividade nalgún dos servizos relacionados coa xestión de riscos e de emerxencias con independencia do réxime xurídico de xestión dos servizos.

3. O persoal voluntario é aquel que, libre e desinteresadamente, se incorpora a entidades ou organizacións públicas ou privadas sen ánimo de lucro, que teñen como fin a protección das persoas, os bens e o ambiente en situacións definidas nesta lei como situacións de xestión de riscos e de emerxencias.

Artigo 43. A organización do persoal. Os grupos operativos

1. O persoal do sistema integrado de protección civil e emerxencias en Galicia integrarase, para o desenvolvemento das funcións previstas nesta lei, en grupos operativos que deberán estar previstos nos correspondentes plans públicos de protección civil.

2. Cada grupo operativo estará conformado polo persoal profesional e voluntario que pola súa actividade ordinaria e formación estea especificamente preparado e equipado para o desenvolvemento das actividades previstas nesta lei. Os plans deberán prever o número mínimo de persoas e equipamento que deben integrar cada grupo para asegurar o correcto desenvolvemento das tarefas que teñen atribuídas.

3. Na conformación dos grupos operativos respectarase, no posible, a súa estrutura organizativa propia, pero garantindo, en todo caso, un mando operativo único profesional nas intervencións que así o requiran.

Artigo 44. A relación xurídica dos membros dos grupos operativos

1. A participación do persoal profesional e voluntario nos grupos operativos levarase a cabo por medio da organización en que se integre cada un, sen que a actividade desenvolvida ao abeiro desta lei xere vínculo contractual de ningún tipo coa Administración xestora do risco ou emerxencia.

2. O persoal profesional será retribuído ou indemnizado polos servizos prestados ao abeiro desta lei de conformidade co que establezan as normas reguladoras do seu estatuto xurídico. O persoal voluntario prestará os servizos regulados nesta lei de xeito voluntario, altruísta e gratuíto, sen prexuízo das indemnizacións que se poidan establecer.

3. Os membros dos grupos operativos terán dereito á cobertura dun seguro de accidentes, enfermidade, invalidez e morte e, de ser o caso, de responsabilidade civil, ademais de aloxamento, manutención e transporte, tanto durante os períodos de formación e prácticas como durante as misións que se vaian desenvolver ao abeiro desta lei.

4. Os membros dos grupos operativos teñen a obriga de participar nas actividades previstas nos correspondentes plans e nos simulacros que se leven a cabo.

Artigo 45. A formación e acreditación do persoal do sistema integrado de protección civil e emerxencias de Galicia

1. Os membros dos grupos operativos teñen a obriga de realizar as actividades de formación e capacitación precisas para ao exercicio das súas funcións.

2. Co fin de conseguir unha adecuada formación e capacitación do persoal do sistema integrado de protección civil e emerxencias e para a acreditación dos directores de posto de mando avanzado, a Xunta de Galicia, por si mesma ou de acordo coas entidades locais e organismos públicos e privados interesados, establecerá un sistema de capacitación que asegure a súa formación profesional .

Esta formación será continuada por medio de cursos que incluirán unha parte de exercicios de adestramento e coordinación e que formarán parte dun deseño curricular de xestión de riscos e de emerxencias, nos termos que regulamentariamente se determine.

A Xunta de Galicia promoverá a formación homoxénea do persoal dos servizos contra incendios e de salvamento de Galicia segundo a estrutura que se determine no Plan director dos servizos contra incendios e de salvamento, tendo en conta a cualificación profesional do Instituto Nacional das Cualificacións no relativo ao módulo da formación profesional de extinción de incendios e salvamento.

3. O persoal voluntario deberá seguir un curso de formación básica, organizado ou homologado pola Xunta de Galicia, co fin de obter a acreditación precisa para o exercicio da súa función. A superación do devandito curso dará dereito á obtención dun carné de persoal voluntario do sistema integrado de protección civil e de xestión de riscos e de emerxencias de Galicia e a empregar os distintivos e insignias que se establezan regulamentariamente.

Artigo 46. O persoal colaborador non permanente

1. Serán persoal colaborador aquelas persoas ou entidades que de forma ocasional ou temporal participen no desenvolvemento dalgunha das actividades previstas nesta lei, se integren ou non nos grupos operativos.

2. A Xunta de Galicia poderá subscribir convenios de colaboración con entidades, públicas ou privadas, co fin de facilitar a participación do persoal colaborador nas actividades de xestión de riscos e de emerxencias e nas actividades formativas do persoal.

3. A colaboración ocasional cos servizos de emerxencia non xerará vínculo contractual ou laboral algún con eles, sen prexuízo das indemnizacións que poidan establecerse.

Artigo 47. Voluntariado de protección civil e emerxencias

1. O persoal voluntario do sistema integrado de protección civil e emerxencias de Galicia poderá agruparse, de acordo coa normativa autonómica en materia de voluntariado e demais de xeral aplicación, en asociacións que terán como finalidade social a colaboración desinteresada na protección das persoas, os bens e o ambiente en situacións definidas nesta lei como situacións de xestión de riscos e de emerxencias.

2. As entidades de voluntariado de protección civil deberase ater ao disposto na Lei 3/2000, do 22 de decembro, de voluntariado de Galicia, e deberanse inscribir no rexistro de entidades de acción voluntaria adscrito ao departamento da Xunta de Galicia competente en materia de voluntariado. Igualmente, deberán inscribirse nun rexistro especial que se levará no departamento da Xunta de Galicia competente en materia de protección civil e xestión de emerxencias. En todo caso, este último rexistro deberá funcionar de xeito coordinado co rexistro de entidades de acción voluntaria adscrito ao departamento da Xunta de Galicia competente en materia de voluntariado.

3. Regulamentariamente fixaranse os requisitos precisos para inscribirse no rexistro de asociacións de protección civil e de emerxencias, así como os dereitos, obrigas e distintivos dos seus membros, na materia específica de protección civil e emerxencias.

4. As autoridades competentes en materia de protección civil e emerxencias, en coordinación co departamento da Administración autonómica competente en materia de voluntariado, promoverán a creación, o desenvolvemento e o equipamento das organizacións do voluntariado de protección civil nos termos que se establezan regulamentariamente.

TÍTULO VI

Financiamento

Artigo 48. Recursos financeiros do sistema integrado de protección civil e emerxencias de Galicia

O sistema integrado de protección civil e emerxencias de Galicia financiarase mediante a aplicación dos seguintes recursos:

a) As dotacións previstas a este fin nos orzamentos:

- Dos concellos de máis de 20.000 habitantes.
- Das deputacións provinciais para actividades propias ou para atender ás que correspondan aos municipios de menos de 20.000 habitantes.
- Da Comunidade Autónoma,.

b) Os fondos provenientes das aseguradoras que cubran riscos persoais ou de bens e os que por razóns de auxilio e urxente necesidade poidan ser derrogados polas administracións públicas.

c) Achegas especiais.

d) Taxas pola prestación de servizos.

e) O produto das sancións pecuniarias impostas en aplicación desta lei.

f) Subvencións e outros ingresos de dereito público.

g) Doazóns, herdanzas e legados e calquera outro ingreso de dereito privado.

TÍTULO VII

Réxime sancionador en materia de protección civil e xestión de emerxencias

CAPÍTULO I

Infraccións e sancións

Sección 1ª

Infraccións

Artigo 49. Infraccións moi graves

1. Constitúen infraccións moi graves en materia de protección civil e xestión de emerxencias as seguintes condutas:

a) Non adoptar medidas de autoprotección ou non manter os medios persoais e materiais necesarios para facer fronte a situacións de risco e emerxencia.

b) Non adoptar ou revisar os plans de autoprotección preceptivos ou non sometelos á homologación da Comisión Galega de Protección Civil.

c) Impedir a inspección do estado das medidas e dos medios de autoprotección pola autoridade competente.

d) Realizar chamadas ao Centro de Atención de Emerxencias 112 Galicia comunicando avisos falsos, sempre tales avisos dean lugar á mobilización de recursos ou a ocupación da liña por aquelas incida negativamente na prestación do servizo.

e) Negarse os medios de comunicación social a emitir, transmitir, publicar e difundir, de xeito inmediato, prioritario e destacado se así se lles requiriu, a información, avisos, ordes e instrucións ditadas polas autoridades competentes e dirixidas á poboación.

f) Impedir a requisa, destrución, intervención ou a ocupación temporal e transitoria dos bens e medios de transporte, cando sexa ordenada pola autoridade competente de protección civil de acordo co establecido nesta lei.

g) Non respectar as ordes ou instrucións ditadas pola autoridade de protección civil en situacións de activación dun plan ou emerxencia declarada.

h) Negarse, sen causa xustificada, a realizar as prestacións persoais ordenadas pola autoridade de protección civil de conformidade con esta lei en situacións de activación dun plan ou emerxencia declarada.

2. Constitúen tamén infraccións moi graves en materia de protección civil e xestión de emerxencias a comisión de dúas infraccións graves cando sexan cometidas por unha persoa ou entidade sancionada con carácter firme nos tres anos anteriores a aquel en que cometeron os feitos constitutivos da última infracción grave.

Artigo 50. Infraccións graves

1. Constitúen infraccións graves en materia de protección civil e xestión de emerxencias as seguintes condutas:

a) Obstaculizar, sen chegar a impedir, a inspección do estado das medidas e dos medios de autoprotección pola autoridade competente de protección civil.

b) Non comunicar ás autoridades competentes de protección civil calquera circunstancia ou incidencia que poida xerar situacións de emerxencia.

c) Non participar, en caso de emerxencia, salvo causa debidamente xustificada, nas actividades previstas nos correspondentes plans o persoal voluntario dos grupos operativos.

d) Obstaculizar, sen chegar a impedir, a requisa, destrución, intervención ou a ocupación temporal e transitoria dos bens e medios de transporte, cando sexa ordenada pola autoridade competente de protección civil de acordo co establecido nesta lei.

e) Obstaculizar o cumprimento das ordes e instrucións emanadas das autoridades de protección civil en situacións de activación dun plan ou emerxencia declarada.

2. Constitúen tamén infraccións graves en materia de protección civil e xestión de emerxencias a comisión de dúas infraccións leves cando sexan cometidas por unha persoa ou entidade sancionada con carácter firme no ano anterior a aquel en que se cometeu a infracción leve.

3. Tamén poden constituír infraccións graves en materia de protección civil e xestión de emerxencias as condutas constitutivas de infraccións moi graves previstas no punto primeiro do artigo anterior cando pola súa natureza e as circunstancias concorrentes non deban ser cualificadas como moi graves

Artigo 51. Infraccións leves

1. Constitúen infraccións leves en materia de protección civil e xestión de emerxencias as seguintes condutas:

a) Realizar chamadas inxustificadas ao Centro de Atención de Emerxencias 112 Galicia.

b) Non seguir ou non respectar as medidas e instrucións dispostas pola autoridade de protección civil e xestión de emerxencias cando se fagan simulacros.

2. Tamén poden constituír infraccións leves en materia de protección civil e xestión de emerxencias as condutas constitutivas de infraccións graves previstas no punto primeiro do artigo anterior cando pola súa natureza e as circunstancias concorrentes non deban ser cualificadas como graves.

Sección 2ª

Sancións

Artigo 52. Sancións pecuniarias

1. As infraccións moi graves sancionaranse con multa de 15.001 ata 600.000 euros.

2. As infraccións graves sancionaranse con multas de 1.001 ata 15.000 euros.

3. As infraccións leves sancionaranse con multas de 60 ata 1.000 euros.

Artigo 53. Gradación e actualización da contía das sancións

1. A contía das sancións debe graduarse atendendo ás seguintes circunstancias:

a) A gravidade do feito constitutivo da infracción, tendo en conta: a súa transcendencia económica ou social, a incidencia na seguranza, o risco obxectivo causado a bens e persoas e os danos e perdas producidos.

b) A culpabilidade presente na concreta actuación infractora, tendo en conta: a intencionalidade, a reiteración, a reincidencia, a realización de actos para dificultar ou impedir o seu descubrimento, a actitude do interesado na reparación do dano causado evitando un prexuízo maior, así como a reparación, durante a tramitación do procedemento, das anomalías que deron lugar á súa incoación.

c) A situación socioeconómica do infractor, tendo en conta a súa capacidade económica.

Artigo 54. Sancións non pecuniarias

1. Ás infraccións graves e moi graves cometidas polos membros voluntarios dos grupos operativos sancionaranse coa baixa forzosa no sistema integrado de protección civil e emerxencias na condición de voluntario, e a prohibición da súa reincorporación a el nesa condición, durante un prazo de cinco anos nos casos de falta moi grave e de tres anos en caso de falta grave.

2. As infraccións leves cometidas polos membros voluntarios dos grupos operativos sancionaranse coa suspensión, de entre un e seis meses, da súa participación no sistema integrado de protección civil na condición de voluntario.

Artigo 55. Responsabilidade por danos ou perdas

1. As sancións que correspondan ás infraccións tipificadas nesta lei imporanse con independencia da obriga de indemnizar polos danos e perdas ás persoas, bens e instalacións.

2. En particular, se a comisión da infracción ocasionase danos ou perdas á Administración pública, o infractor, ademais da sanción que corresponda en función da gravidade da infracción cometida, estará obrigado a reintegrar a contía económica dos custos orixinados á Administración pública.

CAPÍTULO II

Procedemento sancionador

Artigo 56. Competencia sancionadora

1. A potestade sancionadora correspóndelles aos municipios e á Administración autonómica, nos termos establecidos no presente artigo.

2. A competencia para impor as sancións correspóndelles:

a) Ás persoas titulares das alcaldías ou ás persoas titulares das delegacións provinciais do departamento da Xunta de Galicia competente en materia de protección civil e xestión de emerxencias, de acordo co ámbito do plan ou da emerxencia afectada pola conduta constitutiva de infracción, no caso de infraccións leves.

b) Á persoa titular do departamento competente en materia de protección civil e xestión de emerxencias no caso de infraccións graves.

c) Ao Consello da Xunta de Galicia no caso de infraccións moi graves.

Artigo 57. Medidas provisorias

1. Cando concorran circunstancias graves que afecten a seguranza das persoas ou dos bens, poderán acordarse cautelarmente a clausura inmediata de establecementos, o precintado de instalacións ou a suspensión de actividades.

2. Estas medidas poderán ser adoptadas, mediante resolución motivada, polas autoridades de protección civil tanto no acordo de iniciación do procedemento como durante a súa instrución.

3. Excepcionalmente, en supostos de grave risco ou perigo inminente para as persoas ou os bens, as devanditas medidas poderán ser adoptadas polas autoridades de protección civil antes da iniciación do procedemento.

Neste suposto, as medidas provisionais deberán ser confirmadas, modificadas ou levantadas no acordo de iniciación do procedemento, que deberá efectuarse dentro dos quince dás seguintes ao da súa adopción e poderá ser obxecto do recurso que proceda.

En todo caso, as citadas medidas quedarán sen efecto se non se inicia o procedemento no devandito prazo ou cando o acordo de iniciación non conteña un pronunciamento expreso sobre elas.

Artigo 58. Normativa aplicable ao procedemento sancionador

En todo o non previsto neste capítulo, na tramitación das infraccións e na imposición de sancións establecidas nesta lei observaranse os principios e o procedemento establecidos con carácter xeral na normativa autonómica galega sobre o exercicio da potestade sancionadora e, en defecto desta, na normativa estatal sobre a materia.

Disposición adicional primeira. Recoñecemento de actividades do voluntariado

A experiencia, debidamente xustificada, desenvolvida en organizacións de voluntariado durante un período mínimo dun ano que realicen actividades relacionadas coa protección civil ou a xestión de emerxencias poderá ser considerada como mérito para acceder aos servizos profesionais de protección civil, extinción de incendios ou calquera outro relacionado coa xestión de emerxencias, sen prexuízo dos principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade e do disposto na Lei 4/1988, do 26 de maio.

Disposición adicional segunda. Modificacións da Lei 6/2003, do 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia

1. Engádeselle o número 45 ao anexo 1 da Lei 6/2003, do 9 de decembro, de taxas, prezos e exacións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia, coa seguinte redacción:

> "45. Homologación de plans de autoprotección privada e das súas modificacións e revisións..... 100 euros"

2. Engádeselle o número 48 ao anexo 2 da Lei 6/2003, do 9 de decembro, de taxas, prezos e exacións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia, coa seguinte redacción:

> "48. Control anual do estado das medidas e os medios de autoprotección existentes nas actividades e centros que estean obrigados a ter medidas de autoprotección privada consonte a normativa de emerxencias de Galicia ..... 60 euros"

Disposición adicional terceira. Plan director dos servizos contra incendios e de salvamento

A Xunta de Galicia, a través da Axencia Galega de Emerxencias, procederá, no prazo de seis meses desde a súa **posta en funcionamento**, á elaboración dun Plan director dos servizos contra incendios e de salvamento que definirá o modelo de reordenación territorial e a estrutura operativa destes . Neste sentido, a Xunta de Galicia impulsará a supresión, creación ou fusión dos consorcios que corresponda.

Disposición adicional cuarta. Financiamento dos servizos contra incendios e de salvamento

O financiamento dos servizos contra incendios e de salvamento realizarano as distintas administracións nos termos establecidos nesta lei e segundo a porcentaxe de participación nos consorcios que se determinen. Para este efecto, as entidades que o integren achegarán a cantidade proporcional correspondente segundo a avaliación obxectiva dos factores de risco e da frecuencia de servizos demandados por cada un dos concellos, que se actualizará periodicamente.

Disposición adicional quinta. Integración da análise de riscos na planificación urbanística

A lexislación urbanística e de ordenación do territorio en Galicia terá en conta os plans territoriais e especiais e as medidas de prevención de riscos e redución de impacto de eventuais catástrofes.

Para este fin, dentro da tramitación dos plans urbanísticos, no seu momento procedemental, o órgano competente en materia de protección civil solicitará, cando o considere necesario, especialmente cando se identifiquen riscos de orde hidrolóxica, xeotécnica, de incendios ou calquera outro que afecte a seguranza das persoas, un informe da Comisión Galega de Protección Civil, para evitar situacións de risco colectivo derivado da ordenación do territorio.

Disposición adicional sexta. Creación dunha entidade pública de servizos para situacións de emerxencia

Co obxectivo de facer fronte a situacións de emerxencia que, de acordo coa normativa vixente, sexan competencia da Axencia Galega de Emerxencias, ben estean recollidas nos correspondentes plans de emerxencia, ben sexan de caracter extraordinario e imprevisto, a Axencia Galega de Emerxencias poderá crear unha sociedade pública de servizos, con caracter de medio instrumental propio da Administración autonómica, que, baixo a dirección da Axencia, poida realizar as intervencións de caracter inmediato ou diferido que sexan necesarias para a intervención na situación de emerxencia, a mitigación das consecuencias e a rehabilitación dos servizos básicos afectados pola emerxencia.

Disposición transitoria primeira. Aprobación do decreto de axudas para as necesidades derivadas de situacións de emerxencia e do catálogo de recursos de protección civil e actualización ou aprobación de plans

O departamento da Xunta de Galicia competente en materia de protección civil remitirá, no prazo de nove meses a partir da entrada en vigor da lei, para a súa aprobación no Consello da Xunta, un decreto de axudas para as necesidades derivadas de situacións de emerxencia ou de natureza catastrófica.

O departamento da Xunta de Galicia competente en materia de protección civil deberá, no prazo dun ano a partir da entrada en vigor desta lei, aprobar un catálogo de todos os recursos dispoñibles para a protección civil. Para tal efecto poderá requirir información aos demais departamentos e entes autonómicos, aos entes locais e ás empresas e organizacións privadas.

No prazo máximo dun ano a Xunta de Galicia actualizará os plans vixentes ata o momento.

Os concellos deberán actualizar ou, se é o caso, elaborar os plans de nivel municipal no prazo dun ano a partir do remate da actualización do Plan territorial de protección de Galicia. Entrementres non sexan remitidos para a súa aprobación ou homologación, os concellos non poderán ser beneficiarios de axudas públicas en materia de protección civil.

Disposición transitoria segunda. Homologación da formación dos servizos de protección civil e servizos contra incendios e de salvamento.

O departamento da Xunta de Galicia competente en materia de protección civil deberá, no prazo dun ano a partir da entrada en vigor desta lei, aprobar un sistema de homologación da formación dos servizos de protección civil e dos servizos contra incendios e de salvamento no que se valorará a experiencia demostrable e a formación xa adquirida.

Disposición transitoria terceira. Constitución dos consorcios e entidades locais de cooperación

Os consorcios e demais entidades locais de cooperación previstos nesta lei constituiranse no prazo de tres anos a partir da entrada en vigor desta lei.

Disposición derrogatoria

Quedan derrogadas todas as normas de igual ou inferior rango que se opoñan ao previsto nesta lei.

Disposición derradeira primeira. Desenvolvemento regulamentario

Autorízase o Consello da Xunta para ditar as disposicións de aplicación e desenvolvemento desta lei.

Disposición derradeira segunda. Entrada en vigor

Esta lei entrará en vigor aos 20 días da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Asdo.: José Luís Méndez Romeu
Conselleiro de Presidencia
Administracións Públicas e Xustiza

BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións: Servicio de Publicacións do Parlamento de Galicia.
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela. Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25